

LORENZO VARELA, HOME DE AMÉRICA

Xosé Neira Vilas

Os que fomos amigos de Lorenzo Varela, os que o tratamos por anos, sobre todo en Buenos Aires, sabemos e podemos dar fe de que sen deixar de ser un home fundamente galego, raigalmente galego en ideas e sentimentos, reflectidos na súa intensa obra poética, foi ao mesmo tempo un home de América. E non só porque dos sesenta e dous anos da súa fecunda existencia residiu e traballou corenta e cinco na outra banda do Atlántico, senón porque se integrou profunda e entrañablemente na cultura americana. Por iso dicimos que era tamén un home de América. A todos nos acontece, en maior ou menor medida, que tras residir noutras terras xa nunca máis seremos dun só lugar. E temos cando menos dúas patrias. Milleiros de galegos, emigrantes ou exiliados, vivimos con toda naturalidade esa especie de bigamia. Ese amor dobre e compatible.

Lorenzo ve a primeira luz en Cuba. A luz esplendorosa do Caribe. Seus pais retornaran con el a Galicia cando tiña só uns poucos meses, pero algún reflexo quedaría nel, e dende logo quedou unha curiosidade perenne pola illa que circunvalou o navegante tudense Sebastián de Ocampo nos comezos do século XVI. Por iso cando sae da capital mexicana en 1941 rumbo a Buenos Aires, detense uns días na Habana, e percorre parques e rúas e vai ao porto, coma se quixese atoparse co vapor *La Navarra*, onde lle cadra nacer vinte e cinco anos antes. Santiago Álvarez, aquel seu compañeiro do Quinto Rexemento ás ordes de Enrique Líster, era o seu guía na cidade.

Un home de América polas vivencias dunha parte da súa infancia e adolescencia no barrio bonaerense de Nueva Pompeya, que o acolleu entre os catro e os quince anos, nos que aprendeu un castelán riopratense, xogou cos do seu tempo, batuxou nas augas do Riachuelo, abrollou nel o sexo e sentiu os primeiros namoros, divertiuse nos carnavais, estudou, cantou e bailou tangos de moda, entrou nas canchas de fútbol, e seguramente foi “hincha” do equipo de San Lorenzo de Almagro. En fin, converteuse nun rapaz porteño, nun porteño máis, sen esquecer as primeiras falas nin a lembranza que deixara nel a aldea monterrosina de Fufín.

Lorenzo Varela, que viviu os tempos gloriosos de Carlos Gardel, Azuzena Maizani, Tita Merello, Agustín Magaldi e outras estrelas do tango; que viu como este baile foi deixando os baixos fondos das aforas e entrando nos salóns da cidade, e admirou a lingua-xe das letras escritas por Enrique Santos Discípulo en títulos como “Cambalache”, “Yira, yira”, “Malevaje” era natural que se sentise porteño. Sendo un poeta, un traballador agudo da palabra, era normal que naquel medio se adentrara no lunfardo e que coñece-

se o significado de voces como *atorrante*, *boliche*, *cafixo*, *entrevero*, *fulería*, *turra*, *quilombo*, *coima*, *pibe*, *facón*... Conversando na casa de Seoane, ou na biblioteca do Centro Galego, téñolle ouvido intercalar, sorrindo, algunhas destas e outras palabras e frases do mundo marxinal arrabaldeiro.

Algunhas mostras da inserción de Lorenzo Varela na linguaxe popular porteña son, por exemplo, os versos da súa “Milonga consejera”, e a súa “Murga de coplas”. Van aquí fragmentos da primeira:

Cola de perro resero
carneado al alba, sin dientes
y ramas de madre selva
con flor yerba mate verde.

E da “Murga...”

Me rompí todo de bronca
Dándole mecha al matungo,
Porque una rubia tilinga
miró al pingo y le dio un susto

Que se quiebre la milonga
hasta desplomarse toda:
la morocha es noche clara
con cintura de paloma

Vai mencionando barrios como Puente Alsina, Mataderos, Flores, e tamén o Chaco, a Pampa, e fala de *bailongos*, *barriletes*, *veredas*, *potreros*, *julepes*, *querencias*.

Nun prólogo poético ao primeiro *Libro de tapas* de Seoane refírese a Buenos Aires e di que o libro foi alumado polos farois dun curso, en Palermo, e cita *xacarandaes*, *linyeras*, *organillos*, estrelas federais e a “don Carlos Gardel”. Un home de América. Tras da Guerra Civil, arriba a México con 23 anos. A súa madurez ideolóxica, a súa visión do mundo van moito máis alá da súa idade. Na nova xeira vital axúdano Octavio Paz, Sánchez Barbudo e Sánchez Vázquez, en primeiro lugar. Colabora na revista *Taller*, cofunda *Romance*, toma contacto con moita xente e estuda a realidade mexicana a partir do comportamento do presidente Lázaro Cárdenas cos republicanos españois. Xunto con México infórmase sobre a situación dos países de América Central e do Caribe.

No Uruguai, onde reside durante cinco anos coa escritora Estela Canto, vincúlase aos intelectuais exiliados e a algúns poetas e xornalistas montevidéanos. Vive a breve presidencia de Luís Batlle e logo a de Andrés Martínez, e asiste ao proceso da reforma constitucional. Retorna a Buenos Aires –onde segue gobernando Perón– en 1952.

No café Tortoni, ademais de Seoane, Dieste, Baltar, Colmeiro, Alberti, Federico Ribas, Núñez Búa e outros exiliados, concurrían o filólogo Rosenblat, o pintor Attilio Rossi, o escritor brasileiro Newton Freitas, o dominicano Pedro Henríquez Ureña (un defensor das linguas galega e catalá), o poeta arxentino Nalé Roxlo, “Chamico”. Loren-

zo Varela alternaba con todos eles, tendo como testemuñas as imaxes de Gardel, Borges, Alfonsina Storni.

Un ano despois do seu regreso de México, funda con Serrano Plaja a revista *De mar a mar* na que colaboran nomes significativos de América como os arxentinos Norah Borges e Eduardo Mallea, o brasileiro Newton Freitas, o dominicano Henríquez Ureña, é dicir, algúns dos que logo integrarían as tertulias do Tortoni. Todos participan das inque-danzas americanistas. *Plenitud de América* é o título dun coñecido libro do pensador dominicano.

Un ano despois nace, por obra de Seoane e Varela, *Correo literario*. Abonda con citar algúns nomes americanos para ver a trascendencia e influxo que estes vínculos deberon ter no noso poeta: Sábato, Cortázar, Martínez Estrada, Juana de Ibarbourou, Mario de Andrade, Enrique Amorim, Octavio Paz.

Era Lorenzo Varela un home de América, sensible á historia e ao acontecer político e social do chamado Novo Mundo. Vimos de mencionar algúns datos, algunhas relacións con figuras daquel continente, ao que debemos engadir temas dos seus traballos xornalísticos referidos, poño por caso, a Pablo Neruda, Guimaraes Rosa e o Aleijandinho, por citar só tres nomes.

Tíñanlle grande estima nos medios culturais de Buenos Aires. Unha noite, na casa do poeta Atilio Castelpoggi, ouvimos a Louvanza que del fixeron os pintores Berni e Castagnino, como crítico de arte e coñecedor da realidade arxentina.

Persoalmente percibimos a súa inserción no mundo americano durante os sete anos que o tratamos en Buenos Aires. Falaba das culturas precolombinas e dos grandes muralistas mexicanos, e da loita de Tiradentes no Brasil, e de Bolívar, de José Martí e dos marxistas Aníbal Ponce e José Carlos Mariátegui.

No periódico *La razón* témolo visto como un porteño máis entre os seus compañeiros, a súa fraterna camaradería con todos, e como uns e outros o escoitaban cando opinaba sobre problemas de orde social, histórica ou política dalgún país do continente.

Temos coincidido con el no fogar de Maruxa e Luís Seoane. E ademais dos problemas do franquismo, da nosa emigración e da situación arxentina, era de todos nós o mellor informado sobre os temas de Iberoamérica, poñamos por caso a loita guerrilleira nas montañas de Cuba para derrubar o réxime de Batista; o Panamá hipotecado; a Venezuela do sátrapa Pérez Jiménez; a Nicaragua de Somoza, así como o grotesco Duvalier e o criminal Trujillo, e o golpe militar en Guatemala contra o goberno democrático de Arbenz. Ía valorando moi no xusto cada situación e apuntando sempre ao imperio nor-teño como causante destas e doutras desgrazas continentais.

Así era Lorenzo Varela. Rotundamente galego e ao mesmo tempo un home de América.

Dixen.